



Achega

Traballo e empobrecemento. Implicación da HOAC

HOAC de Galicia

Introdución

A HOAC *Hermandad Obrera de Acción Católica*, é un movemento que ten coma obxectivo a evanxelización no mundo obreiro e do traballo. Isto consiste en anunciar a Xesús Cristo e, desde ese anuncio, transformar esa realidade para que sexa acorde cos valores do Reino de Deus.

Baseada no libriño *Trabajo digno para una sociedad decente*, editado pola HOAC, esta *Achega* trata de apuntar que é o que está pasando no mundo do traballo e a súa relación coa pobreza –para transformar hai que coñecer–, o que nos di a Doutrina Social da Igrexa (DSI) ó respecto e como o enfocamos desde a HOAC de Galicia.

1.- Capitalismo e traballo

O concepto que temos de traballo nace a finais do século XVIII, na Revolución Industrial, co capitalismo. Este é máis ca un sistema económico, é unha forma de entender a vida que se caracteriza por poñer a economía no centro da vida social e subordina todo o demais ó seu funcionamento para buscar o máximo beneficio económico individual. Todo isto supuxo cambiar a forma de entender o traballo humano, tanto que se pode dicir que o traballo asalariado foi un invento do capitalismo: o traballo é convertido nunha mera mercadoría, que o traballador vende ó empresario e este asume como un custo máis de produción, e como tal tratará de reduci-lo o máximo posible para obter o máximo beneficio. Como consecuencia, as persoas, os traballadores, son tratados coma cou-